



## **Programa “Bolsas SANTANDER CURE CEPYME Prácticas en Empresa”**

**92 Bolsas**

**Prazo de solicitude: ata o 31 de xaneiro de 2014**

### **I.- Obxectivos**

Os obxectivos que se perseguen son:

- Completar a formación universitaria do estudantado e acercalo á realidade do ámbito profesional onde exercerán a súa actividade.
- Mellorar a empregabilidade do estudantado, facilitando así a súa posterior inserción laboral.
- Promover a realización de prácticas entre o estudantado da UDC.
- Adquirir e mellorar as competencias profesionais, así como outras competencias transversais (versatilidade, capacidade de adaptación e de comunicación, autonomía persoal, toma de decisións, traballo en equipo...)
- Aumentar e reforzar a colaboración de PEMES coa UDC para a realización de prácticas formativas.
- Facilitar ás PEMES a acollida de estudantado en prácticas.

### **II.- Destinatarios**

Poderán realizar este programa de prácticas os estudantes universitarios que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar matriculado/a en calquera das titulacións da UDC ou nos Centros adscritos: grado e mestrado (oficiais e propios), diplomatura e licenciatura, enxeñaría e arquitectura, no momento da solicitude e da realización das prácticas.
- Estar cursando estudos na UDC ao abeiro dun programa de mobilidade ou de convenios bilaterais.
- Ter superado o 50% dos créditos necesarios para obter o título universitario cuxas ensinanzas estea a cursar.
- Non manter relación contractual co a empresa, institución ou entidade, ou coa propia universidade na que se van realizar as prácticas.



- Non ter participado con anterioridade como estudante receptor da bolsa SANTANDER CRUE CEPYME.

### III.- Requisitos das empresas e entidades de acollida

- Autónomos, microempresas e pequenas e medianas empresas (PEME's), con menos de 250 traballadores e cuxo volume de negocios anual non exceda de 50 millóns de euros ou cuxo balance xeral anual non supere os 43 millóns de euros.
- Excepcionalmente poderán participar como entidade de acollida as Universidades.

### IV.- Procedemento para o estudantado

- Inscribirse na páxina do Banco Santander ([www.becas-santander.com](http://www.becas-santander.com)), debendo achegar a seguinte documentación:
  - Expediente académico no que conste a nota media obtida a data de setembro de 2013.
  - Currículo vitae.
  - Xustificante do impreso de matrícula no curso 2013-2014.

(Cada persoa será responsable da veracidade dos datos achegados, o seu incumprimento dará lugar á cancelación da bolsa e ao reintegro das cantidades percibidas).

- **Completar o rexistro na plataforma de bolsas da UDC** <http://bolsas.udc.es>.
- A persoa solicitante deberá esperar a ser proposto pola UDC, e no caso de ser seleccionada pola empresa deberá aceptar a través da plataforma do Banco Santander [www.becas-santander.com](http://www.becas-santander.com) no prazo de 48 horas. Transcorrido dito prazo sen aceptación decaerá dos seus dereitos.

### V.- Procedemento para as empresas

- Inscribirse na web [www.becas-santander.com](http://www.becas-santander.com).

### VI.- Características das prácticas

- **Duración:** a duración será de tres meses. Este período poderá ampliarse 3 meses máis a instancia da empresa de acollida.



A empresa farase cargo da bolsa de axuda económica correspondente á ampliación así como da cotización á Seguridade Social. A axuda económica non poderá ser inferior á percibida polo/a bolseiro/a durante os meses precedentes. A ampliación deberá ser comunicada no momento da introdución da oferta.

- **Período de execución:** as prácticas realizaranse entre o 10 de febreiro de 2014 e o 30 de setembro de 2014, aínda que excepcionalmente poderá ampliarse ata o 31 de decembro.
- **Horario:** 8 horas ao día, excepcionalmente poderase realizar a media xornada (4 horas ao día) por un período de tres ou seis meses.
- **Seguro:** As prácticas están cubertas polo seguro Hac Luce.
- **Pago da práctica:** O pagamento da bolsa farase efectivo na conta aberta no Banco de Santander a nome da persoa que realiza a práctica.

## VII.- Contía da axuda económica

A bolsa será de 565,28 euros brutos ao mes durante 3 meses ou de 265,28 euros brutos durante 3 ou 6 meses se é a media xornada, a este importe aplicaráselle a retención correspondente de IRPF e Seguridade Social. A bolsa poderá ser complementada con calquera outra axuda que a empresa de destino, de maneira voluntaria, queira ofrecer ao bolseiro.

## VIII.- Procedemento de selección e xestión

- **Selección da empresa**
  - Empresas que asuman un compromiso de ampliar os tres meses de duración inicial das prácticas, asumindo o pago da correspondente bolsa ou axuda ó estudio correspondente á ampliación do prazo
  - Empresas vinculadas por relación comercial co Banco Santander
  - As ofertas de empresas que manteñan colaboración coa Universidade da Coruña
  - As ofertas recibidas de Spin-offs universitarios
  - As ofertas de empresas vinculadas as cátedras de Empresa Familiar
  - As ofertas especialmente adecuadas para o estudiantado con discapacidade funcional.



- **Selección do alumnado**

Valorarase á persoa solicitante especialmente polo seu expediente académico.

Darase preferencia a:

- Aquelas solicitudes que procedan de persoas que cursen os dous últimos cursos da titulación.
- O estudiantado cuxo plan de estudos contemple as prácticas en empresas como materia curricular.
- Valorarase adicionalmente aquelas solicitudes procedentes de estudiantado con discapacidade funcional recoñecida, logo da achega de certificación oficial.

- **Xestión**

O SAPE será o servizo encargado de levar a cabo a preselección das persoas beneficiarias, así como a xestión das bolsas.

A UDC presentará unha listaxe priorizada que será sometida a valoración por parte da empresa en entrevista persoal e aqueles outros criterios que considere de aplicación no marco das súas políticas de realización de prácticas formativas. A adxudicación da axuda estará sometida á aceptación da candidatura por parte da empresa.

Posteriormente, a UDC notificará á persoa seleccionada a súa aceptación por parte da empresa.

## **IX.- Prazo de solicitude**

- Estudantes: do 15 de novembro de 2013 ao 31 de xaneiro de 2014.
- Empresas: do 15 de outubro de 2013 ao 31 de xaneiro de 2014.

## **X.- Información**

SAPE Coruña

Pavillón de Estudantes 1º andar,

Campus de Elviña

Extensións: 2916, 2901, 2903

Correo electrónico:

[emprego.vedc@udc.es](mailto:emprego.vedc@udc.es)

SAPE Ferrol

Edificio de Apoio ao Estudo

Campus de Esteiro

Extensión: 3616

Correo electrónico:

[emprego.vedc@udc.es](mailto:emprego.vedc@udc.es)